

GUÍA DOCENTE DE **TEORÍA DA HISTORIA E HISTORIOGRAFÍA**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: TEORÍA DA HISTORIA E HISTORIOGRAFÍA									
ESPECIALIDADE	Musicoloxía				ITINERARIO			Etnomusicoloxía, Histórica	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.	6								Observacións:
									4h.

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Estudo dos métodos de aproximación ao feito musical a través das súas principais orientacións e autores/as desde a Antigüidade ata o Posmodernismo en perspectiva diacrónica, con especial atención aos procesos desenvolvidos desde a Ilustración ata o século XX. Coñecemento dos campos e cuestións máis relevantes da investigación historiográfica en musicoloxía.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T7, T8, T14
COMPETENCIAS XERAIS:	X10, X12, X18
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM2, EM3, EM5, EM7, EM8
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Fomentar a capacidade de expresión, oral e escrita, de xeito claro e coherente.	T2, T7, T8, X10, X18, EM8
Abordar os aspectos teóricos implicados nos procesos de creación musical en cada período histórico.	X12, EM5
Contextualizar os procesos teórico-musicais no seu medio social e histórico, dende a Antigüidade ata a actualidade.	T2, EM2, EM3
Adquirir coñecementos básicos de teoría da historia e historiografía musical para poder usar as súas achegas teóricas como ferramentas de análise e comprensión da realidade social en cada período histórico.	X12, EM 3, EM5, EM7
Coñecer as últimas tendencias metodolóxicas en musicoloxías e o seu contraste coas propostas da historiografía clásica. A Nova musicoloxía.	T14, X10, X12, EM2, EM7

4. CONTIDOS
Introdución: Conceptos fundamentais: teoría da historia, estética, historiografía. Exposición histórica/ exposición sistemática. O comentario de texto de teoría da historia: criterios e realizacións prácticas.



Antigüidade grecolatina e o Helenismo
Da Patrística a Idade Media
Diversidade teórica do Renacemento
Teoría musical do S. XVII
Nacemento da Historiografía
Historiografía musical do S. XX e as súas tendencias

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro....).	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*